

# Difusión de novos contidos: alertas, últimos envíos e rss

Repositorio institucional da USC

Data de actualización: outubro 2016

Biblioteca Universitaria da USC

## Contido

1.	Alertas .....	1
2.	Últimos envíos.....	2
3.	Sindicación de contidos RSS.....	3
3.1.	Como subscribirse empregando Mozilla Firefox? .....	3
3.2.	Como subscribirse empregando Google Chrome? .....	5

## 1. Alertas

Os usuarios poden subscribirse para recibir alertas diarias sobre novos documentos engadidos nas coleccións do seu interese a través do correo electrónico.

Para subscribirse deberá:

- Identificarse coas súas credenciais entrando en "Acceder"
- Premer no botón "Perfil" do menú "A miña conta"



Na opción "Subscricións" elixir a colección do seu interese e premer "Engadir". Repetir esta acción para todas as coleccións que desexe

**Subscricións**

Pode subscribirse a coleccións para recibir diariamente un correo cos novos ítems engadidos. Pode subscribirse a tantas coleccións como queira. Outra opción é usar o servizo RSS dispoñible para todas as coleccións.

**Subscrición de correo electrónico:**

(Escolla unha colección) Engadir

(I+D+I > Institutos e Centros de Investigación > Instituto da Lingua Galega (ILG) > ILG-Libros e capítulos de libros)

Quitar

## 2. Últimos envíos

Nas páxinas das comunidades e das coleccións aparecen sempre os enlaces aos cinco últimos envíos.

### Normativa

---

LISTAR POR

Buscar nesta comunidade e nas súas coleccións:

### Coleccións nesta comunidade

---

[Docencia e plans de estudo \[134\]](#)  
[Estudantes \[0\]](#)  
[Investigación \[0\]](#)  
[Normas Xerais \[3\]](#)  
[Persoal \[1\]](#)  
[Xestión Académica \[1104\]](#)  
[Xestión Económica \[1\]](#)

### Envíos recentes

---

[Resolución reitoral do 11-10-2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades recoñecibles como competencias transversais](#)  
Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2016-10-11)

[Resolución Reitoral do 06-09-2016 pola que se autoriza a realización de prácticas académicas externas do alumnado do Grao en Bioloxía da Facultade de Bioloxía nas instalacións do Grupo de Investigación Biodiversidade e Conservación de Plantas Vasculares \(GI-1291\)](#)  
Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2016-09-08)

[Resolución Reitoral do 04-07-2016 pola que se autoriza a realización de prácticas académicas externas dos/as alumnos/as da titulación de Grao en Veterinaria da Facultade de Veterinaria nas instalacións do Grupo de Investigación \(GI-1702\) da Universidade de Santiago](#)  
Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2016-07-04)

[Resolución Reitoral do 12-07-2016 pola que se determina a aplicación dos prezos públicos correspondentes aos estudos de grao, máster e doutoramento cursados polo alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos, que non teña a condición de residente, excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario. Curso académico 2016-2017](#)  
Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2016-07-12)

[Resolución Reitoral do 11-07-2016 sobre realización de varias mencións e especialidades nas titulacións de grao e máster](#)  
Universidade de Santiago de Compostela. Reitoría (2016-07-11)

[Ver máis](#)


### 3. Sindicación de contidos RSS

RSS é un formato de distribución de contidos en Internet que permite estar ao tanto das novidades producidas en diferentes páxinas web sen necesidade de visitalas. As versións actuais dos principais navegadores inclúen a posibilidade de agregar fontes RSS sen necesidade de software adicional. Para subscribirse a unha comunidade ou colección determinada abonda con premer na icona RSS que se atopa na parte inferior da páxina e, na pantalla seguinte, premer "Subscribirse a esta fonte".


3

#### 3.1. Como subscribirse empregando Mozilla Firefox?

1. Visitar a páxina da comunidade ou colección que se desexa subscribir e premer no símbolo de "Marcadores" de Mozilla para ter a opción "Subscribirse a esta páxina"



2. Premer "Subscribirse ahora" para engadir o marcador:





3. Indicar un nome que permita identificar correctamente a fonte ou empregar o nome por defecto



4. A icona quedará engadida na barra de marcadores e facendo clic nela poderá consultar os últimos documentos depositados.

4




O mesmo proceso pode realizarse premendo directamente na icona RSS  que se atopa na parte inferior dereita das páxinas de Minerva.

### 3.2. Como subscribirse empregando Google Chrome?

Google Chrome non inclúe por defecto un visor de fontes RSS polo que é necesario instalar unha aplicación ou extensión axeitada. O procedemento será o seguinte:

1. Acceder á páxina Google Web Store. Tecleando na caixa de busca o termo “RSS” comprobaremos que existen multitude de extensións e aplicacións que permiten ler fontes RSS. Polo feito de ser especialmente sinxela eliximos neste exemplo a aplicación "RSS feed reader", pero o proceso de instalación é sempre moi similar e pódese escoller a aplicación que se considere máis oportuna. Unha vez seleccionada premer “Añadir a Chrome”

5



The screenshot shows the Chrome Web Store interface with the search term "RSS" entered in the search bar. The results are divided into two sections: "Aplicaciones" (Applications) and "Extensiones" (Extensions).

**Aplicaciones:**


- Feedline - RSS News Reader** by Josephus Payne II: Minimal, offline-enabled RSS Feed Reader. Rating: 4.5 stars (22 reviews).
- Chrome RSS reader.** by Paweł Psztyć: An app to read RSS/Atom feeds in your browser. Rating: 4.5 stars (14 reviews).

**Extensiones:**


- Extensión Suscripción a RSS (de Google)** by extensions@chromium.org: Permite añadir una suscripción a la barra de herramientas con un solo clic. Rating: 4.5 stars (3268 reviews).
- RSS Feed Reader** by ofrecido por feeder.co: Get a simple overview of your RSS and Atom feeds in the toolbar. Rating: 4.5 stars (5717 reviews).

The "RSS Feed Reader" extension button is highlighted with a red box in the original image.

## 2. Seguir as instrucións da instalación.



6




## 4. Unha vez finalizada a instalación a icona aparecerá na barra de ferramentas.



O seguinte paso será a selección das fontes ás que desexa subscribirse. Existen dúas opcións:

A) Utilice o navegador para abrir a páxina da comunidade ou colección elixida. O enlace RSS atópase na parte inferior dereita das páxinas do repositorio



The screenshot shows the USC Minerva website interface. At the top, there are language options (Galego | Español | English) and navigation links (Sobre Minerva | Depositar | Copyright | FAQs | Axuda). The main header includes the USC logo and 'MINERVA REPOSITORIO INSTITUCIONAL DA USC' with a 'Login' button. Below the header is a breadcrumb trail: 'Minerva / Institucional / Documentación institucional / Normativa'. The main content area is titled 'Normativa' and includes a search bar, a 'LISTAR POR' section with filters for 'Por data de publicación', 'Autores', 'Títulos', and 'Materias', and a search box for the community and its collections. A list of collections is shown under 'Coleccións nesta comunidade', including 'Docencia e plans de estudo [134]', 'Estudantes [0]', 'Investigación [0]', 'Normas Xerais [3]', 'Persoal [1]', 'Xestión Académica [1102]', and 'Xestión Económica [1]'. A recent document is listed under 'Envíos recentes'. On the right side, there is a sidebar with a search bar, a 'LISTAR' section with 'Todo Minerva' and 'Esta comunidade' options, and an 'A MIÑA CONTA' section with 'Acceder' and 'Restro' buttons. At the bottom right, an 'RSS FEEDS' section is highlighted with a red box, showing options for 'RSS 1.0', 'RSS 2.0', and 'Atom'.



Unha vez seleccionada a fonte preme “Suscribirse ahora”



The screenshot shows the RSS feed subscription interface. At the top, there is an RSS icon and the text 'Feed de Minerva Comunidad :'. Below this, there is a dropdown menu for 'Suscribirse a este feed con:' with 'Bioglines' selected, and a red-bordered button labeled 'Suscribirse ahora'. There is also a checkbox for 'Utilizar siempre este lector para suscribirse a los feeds'. Below the subscription options, there is a section titled 'Vista previa de feeds' with a '[Feed]' link. The preview shows two feed items: 'Resolución Reitoral do 04-07-2016 pola que se autoriza a realización de prácticas académicas externas dos/as alumnos/as da titulación de Grao en Veterinaria da Facultade de Veterinaria nas instalacións do Grupo de Investigación (GI-1702) da Universidade de Santiago' and 'Resolución Reitoral do 12-07-2016 pola que se determina a aplicación dos prezos públicos correspondentes aos estudos de grao, máster e doutoramento cursados polo alumnado estranxeiro maior de dezaoto anos, que non teña a condición de residente, excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario. Curso académico 2016-2017'.

Poderá consultar sempre que o desexe os últimos documentos depositados premendo no nome da fonte



8

Tamén poderá comprobar en cada momento o número de fontes sen ler xa que aparecerá indicado na icona da barra de ferramentas



**B) Navegue ata a páxina do seu interese. Prema na icona do lector para administrar as propiedades da aplicación**

Elixa as fontes presentes na páxina que está visitando. Tamén pode introducir directamente a URL de calquera outra páxina para buscar recursos RSS do seu interese.

